

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS CORTES E MEMORIA DEMOCRÁTICA

- 8750** *Real decreto 369/2021, do 25 de maio, polo que se modifican o Real decreto 358/1991, do 15 de marzo, polo que se reordena a Organización Nacional de Cegos Españóis; o Real decreto 415/1996, do 1 de marzo, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Española; o Real decreto 177/2004, do 30 de xaneiro, polo que se determina a composición, funcionamento e funcións da Comisión de protección patrimonial das persoas con discapacidade; o Real decreto 1855/2009, do 4 de decembro, polo que se regula o Consello Nacional da Discapacidade, e o Real decreto 774/2017, do 28 de xullo, polo que se regula a Comisión para o Diálogo Civil coa Plataforma do Terceiro Sector.*

O Real decreto 2/2020, do 12 de xaneiro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, atribúe ao Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 a proposta e execución da política do Goberno en materias, entre outras, de benestar social, de familia, de protección do menor e de atención ás persoas en situación de dependencia ou con discapacidade.

Pola súa parte, o Real decreto 452/2020, do 10 de marzo, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, e se modifica o Real decreto 139/2020, do 28 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, desenvolve a estrutura orgánica básica do citado departamento, actualizando e reordenando as funcións atribuídas aos seus órganos superiores e directivos, co fin de conseguir a máxima eficacia e racionalización no cumprimento dos seus obxectivos, entre os que se encontran a promoción e desenvolvemento das políticas dirixidas ás persoas con discapacidade, no ámbito das competencias constitucionalmente reservadas ao Estado, e o exercicio da tutela do Estado sobre as entidades asistenciais alleas á Administración.

Por último, a disposición transitoria segunda do dito real decreto prevé un réxime transitorio dos órganos colexiados dependentes do extinto Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, que agora se integran dentro do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e que continuarán realizando as súas funcións mentres non se aproben as novas normas reguladoras adaptadas ao disposto no citado real decreto.

Dentro dese conxunto de órganos colexiados deben mencionarse o Consello de Protectorado da Organización Nacional de Cegos Españóis, o Consello de Protección de Cruz Vermella Española, a Comisión de Protección Patrimonial das Persoas con Discapacidade, o Consello Nacional da Discapacidade e a Comisión para o Diálogo Civil coa Plataforma do Terceiro Sector. Todos eles, cunha natureza xurídica común por se encadraren dentro dos órganos colexiados previstos polo artigo 15.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, xa que están constituídos por representantes de diferentes departamentos ministeriais e de organizacións representativas de intereses sociais, baixo a presidencia da persoa titular do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, excepto a Comisión de Protección Patrimonial das Persoas con Discapacidade, que está presidida pola persoa titular da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais dese departamento. Así mesmo, debe destacarse que contan cun réxime xurídico singular derivado dos reais decretos que ordenan a súa creación, composición e funcións.

Neste sentido, pode sinalarse que o Consello de Protectorado da Organización Nacional de Cegos Españois e o Consello de Protección de Cruz Vermella Española, regulados, respectivamente, no Real decreto 358/1991, do 15 de marzo, polo que se reordena a Organización Nacional de Cegos Españois, e no Real decreto 415/1996, do 1 de marzo, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Española, son os órganos colexiados a través dos cales o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 exerce o protectorado do Estado sobre ambas as institucións.

Así, o artigo 8.3 do Real decreto 358/1991, do 15 de marzo, establece que corresponde ao Consello de Protectorado, órgano colexiado de composición interministerial, velar pola observancia da legalidade, o cumprimento dos fins desa organización, o estrito control público sobre as súas actividades de xogo, así como a alta inspección de todos os servizos e actividades desta.

Pola súa parte, o Real decreto 415/1996, do 1 de marzo, configura o Consello de Protección de Cruz Vermella Española, como o órgano colexiado de carácter interministerial, que facilitará o desenvolvemento dos fins da Cruz Vermella Española, velará pola observancia da legalidade e a correcta aplicación dos seus recursos, exercerá a alta inspección da institución e promoverá a cooperación para o desenvolvemento da solidariedade social no marco da institución.

Pola súa parte, pode sinalarse que a Comisión de Protección Patrimonial das Persoas con Discapacidade, órgano de apoio, auxilio e asesoramento do Ministerio Fiscal, se encontra regulada polo Real decreto 177/2004, do 30 de xaneiro, polo que se determina a composición, funcionamento e funcións da Comisión de Protección Patrimonial das Persoas con Discapacidade.

Así mesmo, o Real decreto 1855/2009, do 4 de decembro, polo que se regula o Consello Nacional da Discapacidade, regula o dito órgano de carácter consultivo co obxectivo de institucionalizar a colaboración do movemento asociativo das persoas con discapacidade e as súas familias e a Administración xeral do Estado, para a definición e coordinación dunha política coherente de atención integral deste colectivo.

Ademais, o Real decreto 774/2017, do 28 de xullo, polo que se regula a Comisión para o Diálogo Civil coa Plataforma do Terceiro Sector, regula a colaboración da Administración xeral do Estado coa Plataforma do Terceiro Sector a través deste órgano colexiado co obxecto de articular a necesaria cooperación e colaboración para dar solución aos problemas a que se enfrontan diariamente as persoas máis desfavorecidas.

Por todo o anterior, a nova estrutura da Administración xeral do Estado, consecuencia da entrada en vigor do Real decreto 2/2020, do 12 de xaneiro, e do Real decreto 452/2020, do 10 de marzo, exige adecuar os citados órganos colexiados á actual estrutura departamental co fin de permitir un óptimo desempeño das súas funcións.

A norma proxectada adecúase aos principios de boa regulación, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, segundo establece o artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De forma que este real decreto se adecúa aos principios de necesidade e eficacia, posto que a adopción da norma é necesaria para adaptar a composición dos órganos afectados á actual estrutura ministerial xurdida tras a aprobación do Real decreto 139/2020, do 28 de xaneiro, o que resulta imprescindible para asegurar a continuidade e regularidade do seu funcionamento, así como eficaz no cumprimento dese propósito.

É tamén adecuada ao principio de proporcionalidade, en canto se trata dunha norma puramente organizativa que, en consecuencia, non restrinxe dereitos nin liberdades nin impón obrigacións.

Ademais, este real decreto favorece a seguridade xurídica, ao adecuar a composición dos órganos afectados á estrutura departamental existente, o que permitirá que poidan continuar co seu funcionamento ordinario. Pola súa vez, en relación co principio de transparencia, facilitouse a participación das entidades reguladas polas normas que son obxecto de modificación neste real decreto.

En último termo, a adecuación ao principio de eficiencia está xustificada posto que a iniciativa normativa non impón cargas administrativas nin afecta as existentes.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e do ministro de Xustiza, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Función Pública, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de maio de 2021,

DISPOÑO:

**Artigo primeiro.** *Modificación do Real decreto 358/1991, do 15 de marzo, polo que se reordena a Organización Nacional de Cegos Españois.*

O Real decreto 358/1991, do 15 de marzo, polo que se reordena a Organización Nacional de Cegos Españois, queda modificado como segue:

Un. Os números 2 e 6 do artigo 7 quedan redactados do seguinte modo:

«2. O acordo do Consello de Ministros que conteña a autorización adoptárase por proposta do titular do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 ou do ministerio que en cada momento desempeñe a competencia sobre o Consello de Protectorado da ONCE, de acordo coas persoas titulares dos ministerios de Facenda e de Consumo, logo de informe do Consello de Protectorado e oído o Consello Xeral da Organización, e definirá con precisión os termos, alcance e duración da autorización.

Para tal fin, serán de aplicación os seguintes criterios:

a) O réxime de autorizacións basearase na fixación de criterios e indicadores que establezan límites máximos, dentro dos cales a ONCE, como entidade que garante a existencia dun circuíto suxeito a un estrito control público para a explotación das modalidades de xogo autorizadas, poderá desenvolver a xestión das ditas modalidades de xogo. Eses límites non poderán superarse sen a autorización previa e expresa ao respecto, calquera que sexa a modalidade de xogo, pasivo, activo ou instantáneo, de que se trate.

b) Respecto do cupón, os ditos límites máximos referiranse, ao menos, ao volume máximo de emisión e vendas anuais; porcentaxe máxima de premios; prezos máximos do cupón e os criterios para a súa actualización; sorteos extraordinarios, e cantas outras cuestións sexan precisas para un correcto exercicio pola ONCE da concesión estatal do cupón.

c) Cando se trate de modalidades e produtos de xogo de natureza activa, instantánea ou pasiva distinta do cupón, a autorización expresará, de forma clara, os termos, condicións e límites máximos dentro dos cales a ONCE poderá desenvolver a xestión das ditas modalidades e produtos de xogo.»

«6. Co obxecto descrito no número anterior, a ONCE remitirá a correspondente proposta ao Consello de Protectorado, que a someterá a informe preceptivo dos departamentos ministeriais de Facenda e de Consumo.

Á vista da proposta e do citado informe, que deberá ser emitido no prazo de quince días, e de conformidade cos representantes da Administración xeral do Estado, o Consello de Protectorado, con observancia dos procedementos e criterios de control e supervisión a que se refiren o parágrafo cuarto do número anterior e a disposición derradeira segunda do presente real decreto, verificará que a proposta da ONCE se axusta, con carácter xeral, á lexislación vixente aplicable, se adecúa ás condicións establecidas no Acordo xeral respecto das modalidades e produtos de xogo autorizados á ONCE e cumpre os requisitos establecidos no parágrafo cuarto do número anterior.»

Dous. O número 1, os parágrafos b) e c) do número 2, así como o parágrafo c) do número 3 do artigo 8 quedan redactados do seguinte modo:

«1. O Protectorado do Estado sobre a Organización Nacional de Cegos Españóis corresponde ao Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, ou a aqueloutro departamento ministerial que en cada momento teña atribuída esta competencia, conforme as disposicións que regulen a estrutura orgánica dos departamentos ministeriais.»

«b) Sete vogalías en representación da Administración xeral do Estado: dúas en representación do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, unha polo Ministerio de Consumo, unha polo Ministerio de Facenda, unha polo Ministerio do Interior, unha polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, e unha polo Ministerio de Traballo e Economía Social. Cada vogalía, tanto titular como suplente, será designada pola persoa titular do seu departamento respectivo e recaerá na persoa titular dun órgano do dito departamento con rango, ao menos, de dirección xeral.

Cada representante da Administración será substituído pola súa vogalía suplente nos casos de ausencia, enfermidade ou calquera outra causa xustificada.

Na designación de vogalías deberá atenderse ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.

c) Sete vogalías en representación da ONCE exercidas polo titular da Presidencia do Consello Xeral da ONCE e por seis representantes máis da dita organización, nomeados polo seu órgano de goberno de entre as persoas que pertencen á alta dirección da entidade.»

«c) Emitir informe, coa conformidade dos ministerios de Consumo e de Facenda e con carácter previo ao sometemento ao Consello de Ministros, sobre as propostas que se elevan a este respecto das autorizacións que, en materia de modalidades e produtos de xogo autorizados á ONCE, sexan precisas conforme o previsto no artigo 7.»

Tres. O parágrafo b) do artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«b) Cinco vogalías, dúas en representación da Administración xeral do Estado e tres representantes do máximo nivel designados polo Consello Xeral da ONCE. Os dous representantes da Administración xeral do Estado terán, ao menos, rango de director xeral, un en representación do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, e outro en representación do Ministerio de Consumo, ambos designados polo titular do respectivo departamento.

Aqueles que exerzan as vogalías en representación da Administración xeral do Estado serán substituídos por un vogal suplente, con rango ao menos de director xeral, designado polo titular do correspondente departamento, e aqueles que exerzan as vogalías en representación da ONCE serán substituídos por un vogal suplente de alto nivel designado polo Consello Xeral da ONCE.»

Catro. Na disposición derradeira primeira, substitúese a expresión «ministra de Asuntos Sociais» por «a persoa titular do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030».

Cinco. Suprímese a disposición derradeira segunda.

**Artigo segundo.** *Modificación do Real decreto 415/1996, do 1 de marzo, polo que establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Española.*

O Real decreto 415/1996, do 1 de marzo, polo que se establecen as normas de ordenación da Cruz Vermella Española, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 8, que presentará o seguinte teor literal:

«Artigo 8. *Da protección do Estado.*

A protección do Estado en relación coa Cruz Vermella Española corresponde ao Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, ou a aqueloutro ministerio que en cada momento teña atribuída esta competencia, e exercerase a través dun Consello de Protección, coordinando, para o efecto, a actuación dos demais departamentos ministeriais. »

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 9, que presentará o seguinte teor literal:

«2. O Consello de Protección de Cruz Vermella Española terá a seguinte composición:

a) A Presidencia será exercida pola persoa titular do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030. A forma de substitución da persoa que exerza a Presidencia realizarase por acordo do Pleno.

b) Vogalías:

1.º Dous representantes do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, e un de cada un dos seguintes ministerios: Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación; Xustiza; Defensa; Interior; Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana; Educación e Formación Profesional; Agricultura, Pesca e Alimentación; Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática; Sanidade; Consumo; Igualdade; Inclusión, Seguridade Social e Migracións. Cada vogalía, tanto titular como suplente, será designada pola persoa titular do seu departamento respectivo e recaerá na persoa titular dun órgano do dito departamento con rango, ao menos, de dirección xeral. En canto ao Ministerio de Defensa, poderá designarse, se for o caso, unha persoa representante con categoría militar de oficial xeneral.

2.º A persoa que desempeñe a Presidencia da Cruz Vermella Española.

3.º Catorce membros do Comité Nacional de Cruz Vermella Española elixidos por este de entre os representantes da dita institución.

c) Secretaría: a persoa titular da subdirección xeral ou, se for o caso, do órgano administrativo do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, que teña atribuída a asistencia técnica e instrumental ao exercicio da protección do Estado sobre a Cruz Vermella Española, que actuará con voz e sen voto.

Cada representante da Administración será substituído pola súa vogalía suplente nos casos de ausencia ou de enfermidade, ou cando conorra algunha causa xustificada, e cada un dos vogais representantes da Cruz Vermella Española será substituído por un vogal suplente, do máximo nivel, designado pola propia institución. A persoa titular da Secretaría do Consello será substituída pola titular doutra subdirección xeral ou órgano administrativo da dirección xeral que exerza as funcións de tutela sobre a Cruz Vermella Española, designada pola Presidencia.

Tamén poderán asistir como vogais, con voz, pero sen voto, aquelas persoas que sexan convocadas expresamente pola Presidencia.

Na designación de vogalías deberá atenderse ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.»

Tres. Modifícase a disposición adicional única, que presentará o seguinte teor literal e pasa a denominarse disposición adicional primeira:

«Disposición adicional primeira. *Execución de resolucións xudiciais e administrativas.*

Será aplicable á execución de resolucións xudiciais e administrativas condenatorias da Cruz Vermella Española o disposto na lexislación vixente respecto á execución das sentenzas condenatorias á Administración xeral do Estado e, especialmente, o disposto no artigo 106 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e corresponden ao Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 as funcións que a dita lexislación atribúe á autoridade administrativa que debe levar a puro e debido efecto a execución das resolucións, de acordo co disposto no artigo 23 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, sen prexuízo da potestade xurisdiccional para a execución das sentenzas.»

Catro. Créase unha nova disposición adicional segunda co seguinte teor literal:

«Disposición adicional segunda. *Normativa aplicable.*

Sen prexuízo das peculiaridades previstas no regulamento de funcionamento interno aprobado polo Pleno, o Consello de Protección de Cruz Vermella Española axustarase ás normas de organización e funcionamento establecidas no capítulo II, sección 3ª, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.»

Cinco. Modifícase a disposición derradeira primeira, que presentará o seguinte teor literal:

«Disposición derradeira primeira. *Habilitación regulamentaria.*

Habilítase a persoa titular do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 para ditar, no ámbito das súas competencias, as disposicións que sexan necesarias para o cumprimento deste real decreto.»

Seis. Nos artigos 1.1, 5.3 e 9.1, substitúese a expresión «Ministerio de Asuntos Sociais» por «Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030».

**Artigo terceiro.** *Modificación do Real decreto 177/2004, do 30 de xaneiro, polo que se determina a composición, funcionamento e funcións da Comisión de Protección Patrimonial das Persoas con Discapacidade.*

O Real decreto 177/2004, do 30 de xaneiro, polo que se determina a composición, funcionamento e funcións da Comisión de Protección Patrimonial das Persoas con Discapacidade, queda modificado como segue:

Un. O número 2 do artigo 1 terá a seguinte redacción:

«2. A Comisión quedará adscrita ao Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 a través da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais. »

Dous. Modifícase o artigo 3, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 3. *Composición.*

1. Integran a Comisión:

- a) A Presidencia.
- b) As vicepresidencias.
- c) As vogalías.
- d) A Secretaría.

2. Desempeñará a Presidencia da Comisión a persoa titular da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais.

3. As vicepresidencias primeira e segunda da Comisión desempeñaranas, respectivamente, a persoa titular da Dirección Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade e a persoa designada pola persoa titular do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, por proposta da asociación de utilidade pública máis representativa no ámbito estatal dos diferentes tipos de discapacidade, que substituirán, pola súa orde, a quen desempeñe a Presidencia nos casos de vacancia, ausencia, enfermidade ou outra causa legal.

Así mesmo, a persoa titular do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 designará as persoas suplentes de ambas as vicepresidencias nos casos de ausencia ou de enfermidade ou cando concorra algunha causa xustificada.

4. As persoas que desempeñen en cada momento as vogalías da Comisión serán:

a) Sete en representación da Administración xeral do Estado, designadas pola persoa titular do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, por proposta de cada departamento ministerial competente, conforme a seguinte distribución:

1.º Polo Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, catro representantes, un da Dirección Xeral de Diversidade Familiar e Servizos Sociais, un da Dirección Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade, un da Dirección Xeral de Dereitos da Infancia e da Adolescencia, e un do Instituto de Maiores e Servizos Sociais.

2.º Unha persoa que desempeñe a vogalía en representación de cada un dos seguintes ministerios: de Xustiza, de Facenda e da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática.

b) Unha persoa que desempeñe a vogalía en representación do Ministerio Fiscal e outra en representación do Consello Xeral do Poder Xudicial que exerza a Presidencia do órgano reitor do Foro Xustiza e Discapacidade.

As persoas suplentes das vogalías en representación da Administración xeral do Estado, do Ministerio Fiscal e do Consello Xeral do Poder Xudicial serán propostas polos respectivos departamentos ministeriais, polo Ministerio Fiscal e polo Consello Xeral do Poder Xudicial, respectivamente, para que sexan designadas simultaneamente cos seus titulares e da mesma forma para a substitución das persoas das vogalías titulares nos casos de ausencia, enfermidade ou calquera outra causa xustificada.

c) Nove en representación do sector asociativo, representantes da asociación de utilidade pública máis representativa no ámbito estatal dos diferentes tipos de discapacidade. As persoas que desempeñen as vogalías, así como as persoas suplentes para os supostos de vacancia, ausencia ou enfermidade, ou outra causa legal, serán designadas pola persoa titular do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, por proposta da asociación correspondente.

5. A Comisión contará, así mesmo, con dúas persoas asesoras expertas, designadas pola persoa titular da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, de entre aquelas que contan cun recoñecido prestixio e traxectoria en materias relacionadas coas persoas con discapacidade e as súas familias, preferentemente en cuestións de fiscalidade e protección patrimonial deste grupo social. As ditas persoas participarán, con voz e sen voto, nas sesións dos órganos do Consello e proporcionarán un asesoramento técnico.

6. Desempeñará a Secretaría da Comisión, con voz, pero sen voto, a persoa titular da Subdirección Xeral de Coordinación e Ordenación da Dirección Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade. Cando concorra algún dos supostos recollidos no artigo 19 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, será substituída pola persoa titular da Subdirección Xeral de Diálogo Civil, adscrita á mesma Dirección Xeral.

7. Na designación de vogalías correspondentes á Administración xeral do Estado, e das persoas asesoras externas, deberá atenderse ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.»

Tres. Suprímese a disposición adicional segunda.

Catro. Actualízanse as referencias orgánicas nos seguintes termos:

- a) Nos artigos 2.h) e j), 4.4.a) e 6 substitúese a expresión «Ministerio de Sanidade e Política Social» por «Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030».
- b) No artigo 4.4.a) substitúese a expresión «Ministerio de Economía e Facenda» por «Ministerio de Facenda».
- c) Na disposición adicional primeira substitúese a expresión «Secretaría Xeral de Política Social e Consumo» por «Secretaría de Estado de Dereitos Sociais».
- d) Na disposición derradeira primeira substitúese a expresión «ministerios de Sanidade e Política Social e de Xustiza» por «ministerios de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e de Xustiza».

**Artigo cuarto.** *Modificación do Real decreto 1855/2009, do 4 de decembro, polo que se regula o Consello Nacional da Discapacidade.*

O Real decreto 1855/2009, do 4 de decembro, polo que se regula o Consello Nacional da Discapacidade, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 3, que queda redactado da seguinte maneira:

«Artigo 3. *Composición.*

O Consello Nacional da Discapacidade está constituído pola Presidencia, tres vicepresidencias, corenta e catro vogalías, catro persoas asesoras expertas e a Secretaría.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 4, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Exercerà a Presidencia do Consello a persoa titular do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030.»

Tres. Modifícanse os números 1, 2 e 5 do artigo 5, que quedan redactados da seguinte maneira:

«1. Exercerà a Vicepresidencia Primeira a persoa titular da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, quen substituirá a persoa titular da Presidencia nos casos de vacancia, ausencia, enfermidade ou outra causa legal.»

«2. Exercerà a Vicepresidencia Segunda a persoa titular da Dirección Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade, quen substituirá a persoa titular da Presidencia nos casos de vacancia, ausencia, enfermidade ou outra causa legal e en defecto da persoa titular da Vicepresidencia Primeira.»

«5. A persoa titular da Vicepresidencia Segunda será substituída por unha persoa suplente, nomeada pola persoa titular do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, con rango de titular dunha dirección xeral do dito ministerio, nos casos de vacancia, ausencia, enfermidade ou outra causa legal.»

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 6, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Serán vogais do Consello, garantindo a participación equilibrada por razón de xénero:

- a) Vinte e dous vogais en representación da Administración xeral do Estado, en función das súas competencias en materias relacionadas directa ou



indirectamente coas persoas con discapacidade e as súas familias, conforme a seguinte distribución:

1.º Polo Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, as persoas titulares dos seguintes órganos: Dirección Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade, Instituto de Maiores e Servizos Sociais, Dirección Xeral de Diversidade Familiar e Servizos Sociais, Dirección Xeral de Dereitos da Infancia e da Adolescencia e Dirección Xeral de Políticas Panca para o cumprimento da Axenda 2030.

2.º Por outros departamentos, unha persoa representante, con rango de titular dunha dirección xeral, dos seguintes ministerios: Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación; Xustiza; Defensa; Facenda; Interior; Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana; Educación e Formación Profesional; Traballo e Economía Social; Industria, Comercio e Turismo; Agricultura, Pesca e Alimentación; Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática; Política Territorial e Función Pública; Cultura e Deporte; Asuntos Económicos e Transformación Dixital; Sanidade; Igualdade e Consumo.

b) Vinte e dous vogais representantes da asociación de utilidade pública máis representativa de ámbito estatal que agrupe as organizacións máis representativas dos diferentes tipos de discapacidade.»

Cinco. Modifícase o número 1 do artigo 7, que queda redactado da seguinte maneira:

«1. Exercerá a Secretaría, con voz, pero sen voto, a persoa responsable da unidade correspondente da Dirección Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade que teña atribuídas as competencias específicas en materia de discapacidade. Nos casos de vacancia, ausencia ou enfermidade, a persoa titular da Secretaría do Consello será substituída por unha persoa funcionaria, con rango de titular dunha subdirección xeral, adscrita á mesma dirección xeral e designada pola persoa titular do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030.»

Seis. O número 3 do artigo 10 queda redactado como segue:

«3. Exercerán as vogalías da Comisión Permanente:

a) Seis das vogalías do Pleno que participan en representación da Administración xeral do Estado polos ministerios seguintes: Xustiza; Facenda; Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana; Educación e Formación Profesional; Traballo e Economía Social, e Asuntos Económicos e Transformación Dixital.

b) As persoas titulares da Dirección do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, e da Dirección Xeral de Diversidade Familiar e Servizos Sociais.

c) Oito das vogalías do Pleno que participan en representación da organización máis representativa de persoas con discapacidade e as súas familias, nomeadas polo procedemento previsto no artigo 6.6.b).»

Sete. Suprímese a disposición adicional terceira.

Oito. Actualizaranse as referencias orgánicas nos seguintes termos:

a) Nos artigos 1.1; 6, números 4, 5 e 6; 8.1; 18, números 2 e 3; na disposición adicional segunda e na disposición derradeira primeira, substitúese a expresión «Ministerio de Sanidade e Política Social» por «Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030».

b) No artigo 12.2 e no número 2 da disposición adicional segunda, substitúese a expresión «Dirección Xeral de Coordinación de Políticas Sectoriais sobre a Discapacidade» por «Dirección Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade».

**Artigo quinto.** *Modificación do Real decreto 774/2017, do 28 de xullo, polo que se regula a Comisión para o Diálogo Civil coa Plataforma do Terceiro Sector.*

O Real decreto 774/2017, do 28 de xullo, polo que se regula a Comisión para o Diálogo Civil coa Plataforma do Terceiro Sector, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o artigo 1, que terá o seguinte teor literal:

«Artigo 1. *Obxecto e natureza.*

1. En cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei 43/2015, do 9 de outubro, do terceiro sector de acción social, o presente real decreto ten por obxecto regular a Comisión para o Diálogo Civil coa Plataforma do Terceiro Sector.

2. A Comisión para o Diálogo Civil coa Plataforma do Terceiro Sector constitúese como un órgano colexiado de participación da Administración xeral do Estado, de carácter paritario, para a colaboración, cooperación, proposta e diálogo permanentes, coas funcións que se determinan no artigo 3, adscrito ao Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e integrado por representantes do dito ministerio, do Ministerio de Consumo, do Ministerio de Sanidade, do Ministerio de Igualdade e por representantes da Plataforma do Terceiro Sector. »

Dous. Modifícase o artigo 4, que terá o seguinte teor literal:

«Artigo 4. *Composición.*

1. A Comisión para o Diálogo Civil coa Plataforma do Terceiro Sector estará composta pola Presidencia, a Vicepresidencia, os vogais no número resultante das previsións establecidas neste artigo, e a Secretaría.

2. A Presidencia da Comisión corresponde á persoa titular do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030.

3. A vicepresidencia da Comisión corresponde á persoa titular da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, que, pola súa vez, poderá substituír a persoa que exerza a Presidencia nos casos de vacancia, ausencia, enfermidade ou outra causa legal.

4. Serán vogais da Comisión:

a) As persoas titulares da Dirección Xeral de Dereitos da Infancia e da Adolescencia, da Dirección Xeral de Diversidade Familiar e Servizos Sociais, da Dirección Xeral de Dereitos das Persoas con Discapacidade, do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, da Dirección Xeral de Políticas Panca para o cumprimento da Axenda 2030, do Instituto das Mulleres, do Instituto da Xuventude, da Delegación do Goberno para o Plan Nacional sobre Drogas, da Dirección Xeral de Diversidade Sexual e Dereitos LGTBI, da Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero e da Dirección Xeral de Consumo do Ministerio de Consumo.

b) Un vogal nomeado pola persoa titular da Presidencia, por proposta da persoa titular da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, entre o persoal que exerza as súas funcións na dita Secretaría de Estado.

c) Dous vogais nomeados pola persoa titular da presidencia, un por proposta da persoa que desempeña a titularidade da Secretaría de Estado de Migracións e outro por proposta da persoa que desempeña a titularidade da Secretaría Xeral de Obxectivos e Políticas de Inclusión e Previsión Social, ambos de entre o persoal que exerza as súas funcións nos ditos órganos.

d) Dezaseis vogais representantes da Plataforma do Terceiro Sector, nomeados pola persoa titular da presidencia, por proposta da Plataforma do Terceiro Sector.

5. Nos casos das vogalías referidas no número 4.b) e c), consideradas no seu conxunto, deberá atenderse ao principio de presenza equilibrada de mulleres e homes.

6. Desempeñará a Secretaría da Comisión un funcionario do subgrupo A1, que preste servizo na Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, designado pola persoa titular da presidencia. A persoa titular da Secretaría participará nas deliberacións con voz, pero sen voto.

7. A persoa titular da presidencia nomeará, conforme o procedemento antes sinalado, o mesmo número de vogais suplentes, que substituirán os vogais titulares nos casos de vacancia, ausencia, enfermidade ou outra causa legal. No caso das vogalías correspondentes a representantes do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030, os suplentes deberán ter, ao menos, rango de subdirector xeral ou equivalente.»

Tres. Actualízanse as referencias orgánicas nos seguintes termos:

a) Nos artigos 3.a) e 7, substitúese a expresión «Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade» por «Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030».

b) No artigo 3.b), substitúese a expresión «Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade» por «Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e Ministerio de Consumo».

c) Na disposición derradeira primeira, substitúese a expresión «ao ministro de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade» por «á persoa titular do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de maio de 2021.

FELIPE R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,  
Relacións coas Cortes e Memoria Democrática,  
CARMEN CALVO POYATO